

NORMAS DE USO DO CENTRO DEMOSTRADOR TIC

Índice

1 Cuestións Xerais.....	3
2 Protección de datos e Privacidade.....	3
3 Normas xerais de uso das instalacións do CDTIC.....	5
4 Normas de acceso ao CDTIC.....	7
5 Normas de uso das infraestruturas do CDTIC.....	7

1 Cuestións Xerais

- O CDTIC cederá ás empresas ou entidades TIC os seus espazos para a organización de [actividades](#) (sesións demostradoras, sesións formativas,...), sempre que estas estean aliñadas cos obxectivos do CDTIC.
- A utilización das instalacións require autorización previa e solicitarase, mediante [formulario electrónico](#), segundo o procedemento que se estableza e cun **prazo mínimo de 30 días naturais de antelación** respecto as datas para as que se realiza dita solicitude.
- O CDTIC resérvase o dereito de, en circunstancias excepcionais, anular as reservas.
- O CDTIC deberá aparecer como colaborador en calquera material de difusión que se elabore (carteis, trípticos, notas de prensa...) no desenvolvemento das actividades.
- En caso de autorizacións nas que se aprecie que a actividade a desenvolver pode xerar danos en bens ou persoas, pódese esixir unha garantía ou póliza de responsabilidade civil para garantir o pago do gasto que xere a reposición das instalacións ao seu estado inicial no suposto de que houbera danos.
- O CDTIC pon a disposición das entidades interesadas as súas infraestruturas e proporciona o escenario para a demostración de produtos/servizos TIC sen que isto supoña, en ningún caso, que recomende ou avale nin estes nin ás empresas proveedoras dos mesmos.
- O CDTIC exímese de calquera responsabilidade xurdida da implantación de produtos/servizos TIC presentados no marco do proxecto.

2 Protección de datos e Privacidade

- En cumprimento co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de

Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo de que os seus datos persoais serán tratados e quedarán incorporados no ficheiro Actividades dirixidas á cidadanía, responsabilidade da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos, coa finalidade de xestionar todas as actividades dirixidas á cidadanía tales como programas de lecer, actividades de voluntariado, desenvolvemento de actividades culturais, programas formativos, ou calquera outro proxecto de similares características.

- Os datos que se lle solicitan resultan necesarios para xestionar a súa participación e asistencia ás actividades organizadas polo CDTIC nas que vai participar, de xeito que de non facilitalos non será posible a súa participación. Neste sentido, vostede consinte expresamente a recollida e tratamento dos datos para xestionar a súa asistencia (control de acceso ás instalacións do CDTIC, control de asistencia, ...), para poder realizar estudos estatísticos sobre a participación nestas actividades e para poder informarlle de calquera outra actividade de características similares que se organice no CDTIC.
- Do mesmo xeito, no caso de que a actividade na que se inscriba como participante estea organizada por Red.es, autoriza a comunicación dos seus datos de carácter persoal á Red.es co fin de que esta entidade poda xestionar a súa participación nas súas actividades e para mantelo informado de calquera outra actividade de características similares que se organice.
- No caso de que as actividades sexan organizadas por calquera outra empresa ou entidade, autoriza a comunicación dos seus datos: nome, apelidos, perfil laboral e nome da empresa/organización na que presta os seus servizos co fin de que o desenvolvemento das actividades se realice dun xeito máis acorde en función dos participantes (exemplo: dous mandos intermedios da empresa X, tres comerciais da empresa Y) e para a xeración/produción de materiais acreditativos (exemplo: certificados de asistencia) ou instrumentos para mellorar a interacción entre participantes, e entre estes e os relatores. (exemplo: tarxetas identificativas).
- Así mesmo, informámoslle de que as actividades poderán ser fotografadas ou gravadas en vídeo e difundidas en calquera dos medios audiovisuais e/ou espazos web xestionados pola Xunta de Galicia e destinados á publicación de contidos multimedia. En consecuencia é posible que a súa imaxe sexa captada, gravada

e/ou reproducida de modo accesorio á actividade principal. Naqueles casos nos que vostede participe realizando preguntas ou comentarios, estes poderán ser fotografados ou gravados. Se a actividade se emitise en directo a través de calquera medio a súa mera presenza na sala supón que vostede necesariamente consente na captación, reprodución e/ou emisión. Nos demais casos poderá opoñerse ao uso posterior das súas imaxes indicándoo no momento da súa intervención.

- Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como responsable do ficheiro “Actividades dirixidas á cidadanía”, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Centro de Innovación Cultural y Modernización Tecnológica de Galicia, Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a cdtic@xunta.es.
- Pregámoslle que no suposto de que se produza algunha modificación nos seus datos de carácter persoal, no lo comunique co fin de manter actualizados os seus datos de carácter persoal.
- Coa súa navegación, vostede presta o consentimento para recibir as cookies que utiliza o Portal, que en ningún caso se empregan para recoller información de carácter persoal. Son de dous tipos:
 - Cookies propias: son enviadas aos seu equipo e xestionadas exclusivamente pola Xunta de Galicia, que só obtén e conserva a información relativa aos datos de sesión e idioma. Estas cookies son necesarias para o correcto funcionamento e visualización do Portal por parte do usuario.
 - Cookies analíticas de terceiro: o Portal usa as cookies da ferramenta Google Analytics, que realiza unha medición e análise estatística da navegación dos usuarios na web, co fin de mellorar os servizos que ofrece o Portal. A información que xera a cookie é directamente transmitida e arquivada por Google.

Lembrámoslle que deberá executar esta acción cada vez que cambie de navegador

ou a súa configuración, ou se elimina as cookies, posto que o indicador de denegación se garda nunha cookie.

3 Normas xerais de uso das instalacións do CDTIC

- O horario de uso das instalacións do CDTIC é de luns a venres laborables de **09:00 a 15:00 e de 16:00 a 20:00** horas. Salvo autorización expresa por parte do CDTIC non se permite o uso das instalacións fora desa franxa horaria.
- O horario de atención ao usuario é de luns a venres laborables de **08:00 a 15:00** horas.
- Está terminantemente prohibido fumar en todo o edificio.
- Non se permite desenvolver actividades que perturben o desenvolvemento normal de actividades no resto das instalacións.
- O CDTIC non se fai responsable dos efectos persoais esquecidos polos usuarios das súas instalacións. Calquera obxecto persoal atopado depositarase na recepción do CNTG.
- Dentro do plan de austeridade e aforro enerxético promovido pola Xunta de Galicia, os usuarios das instalacións deberán, unha vez rematada a actividade, pechar as fiestras e apagar as luces e todos os aparatos eléctricos utilizados.
- As persoas que desexen asistir ás actividades desenvolvidas no CDTIC deberán inscribir previamente a través da web do CDTIC, utilizándose os datos recollidos con fins meramente estatísticos así como para o control de acceso ás instalacións.
- As persoas responsables das actividades desenvolvidas nas instalacións do CDTIC deberán retirar calquera material sobranante no momento en que remate a actividade. De non ser o caso, o CDTIC será depositario por un tempo máximo de 15 días procedendo unha vez rematado este prazo a desfacerse del.
- É preciso respectar en todo momento tanto as instalacións como o equipamento, así como as posibles instrucións concretas de utilización.
- Todos os usuarios están obrigados a seguir as indicacións en caso de evacuación do edificio.

- Os usuarios dispoñen dun Servizo de Atención a Usuarios no enderezo de correo cdtic.soporte@xunta.es para a comunicación de calquera deficiencia que observen, tanto no desenvolvemento das actividades como no propio CDTIC.
- Os usuarios dispoñen dun Formulario de Suxestións para a comunicación de aquelas cuestións que consideren pertinentes, que poderá ser cumprimentado na web do CDTIC.
- O mal uso de calquera das instalacións do CDTIC suporá, para a entidade infractora, unha futura restrición de acceso ás instalacións por un período de tempo que determinará o CD TIC e/ou esixirase responsabilidade por danos ocasionados.
- Poderanse establecer normas complementarias de uso específicas para determinadas áreas en función da súa utilización.

4 Normas de acceso ao CDTIC

- O acceso as accións desenvolvidas no CDTIC é libre para calquera empresa, entidade ou profesional, previa inscrición a través da páxina web do CDTIC.
- Para acceder ao CDTIC os usuarios están obrigados a acreditarse, cando así lle sexa solicitado polo persoal do CDTIC, mediante DNI ou equivalente.
- É preciso, para evitar calquera inconveniente de acceso ao edificio, comunicar con 48 horas de antelación a asistencia de calquera autoridade e/ou a convocatoria de medios de comunicación, así como o listado de asistentes con apelidos, nome e DNI.

5 Normas de uso das infraestruturas do CDTIC

- Non se poderá realizar cambios de mobiliario duns espazos a outros sen a autorización expresa por parte do CDTIC.

- Nos espazos nos que o mobiliario é movable, unha vez rematada a actividade, deberase procurar deixar o mobiliario na súa posición orixinal.
- Deberase respectar o aforo establecido para cada espazo.
- Os usuarios deberán seguir as instrucións de seguridade e de uso de equipamento dos distintos espazos.
- Calquera modificación no equipamento, ben sexa na súa configuración como na instalación de software ou hardware, será realizada sempre polo responsable de infraestruturas do CDTIC, co apoio e colaboración da entidade usuaria que vai desenvolver a actividade.
- Unha vez rematada a actividade, salvo circunstancias especiais, todo o software instalado para o seu desenvolvemento será desinstalado, quedando os equipos do CDTIC no seu estado inicial.